

Reserva Mariña de Tabarca.

Ao sureste da península ibérica, as augas cristalinas do mar Mediterráneo envolven un pequeno arquipélago que conforma a reserva mariña da Illa de Tabarca.

Situada a menos de 3 millas mariñas do cabo de Santa Pola, a extensa plataforma da reserva mariña está dominada por prantas dos xéneros *Cymodocea* e *Posidonia*. As pradarias de fanerógamas arrodean todo o perímetro de Tabarca e acadan profundidades próximas aos 30 metros. A posidonia presenta un excepcional estado de desenvolvemento, e forma un dos ecosistemas máis maduros dos nosos mares.

Entre os feixes de posidonia, é habitual observar animais de espectaculares cores e formas, como os chocos e os cabaliños de mar, ou, incluso, moreas fóra dos seus acubillos.

Esa grande diversidade das augas tabarquinas deu lugar a unha importante frota de pesca artesanal. Tras a creación da reserva mariña en 1986, as zonas de pesca teñen sido delimitadas. Ademais de trasmallos, palangres e nasas, unha das artes máis empregadas entre oso escasos pescadores tabarquinos é a moruna.

Experimentados pescadores e hábiles constructores de barcos faenaban e trasladaban mercadorías e persoas á península en llaúds/laúdes, barcas de vela latina das que aquí en Tabarca só quedan restos afundidos.

A navegación e a pesca foron case o único medio de vida para os tabarquinos, que hoxe se inclinan cara ás actividades turísticas.

O obxectivo primordial das reservas mariñas é a protección de hábitats e especies de interese ecolóxico e económico.

A Reserva Mariña da Illa de Tabarca cumpre tres funcións básicas: a conservación das especies e os hábitats; a investigación científica e o desenvolvemento sostible dos recursos económicos, ligando á poboación da illa co medio natural.